

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

| Código   | Centro          | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------|----------|---------------|
| 15003224 | Fernando Blanco | Cee      | 2022/2023     |

**Ciclo formativo**

| Código da familia profesional | Familia profesional         | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo                       | Grao                            | Réxime                 |
|-------------------------------|-----------------------------|---------------------------|---------------------------------------|---------------------------------|------------------------|
| ELE                           | Electricidade e electrónica | CMELE01                   | Instalacións eléctricas e automáticas | Ciclos formativos de grao medio | Réxime xeral-ordinario |

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

| Código MP/UF | Nome  | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|---|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0241       | Formación e orientación laboral   | 2022/2023 | 4                | 107          | 128            |
| MP0241_12    | Prevenición de riscos laborais  | 2022/2023 | 4                | 45           | 54             |
| MP0241_22    | Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego | 2022/2023 | 4                | 62           | 74             |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

|                                |                        |
|--------------------------------|------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | MACARENA CAPELO CANOSA |
| Outro profesorado              |                        |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumno/a se poida inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector das instalacións eléctricas e automáticas.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais p), q), r) e t) do ciclo formativo, e as competencias m), n), q), r) e t).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

1.- Manexo das fontes de información para a elaboración de itinerarios formativos profesionalizadores, en especial no referente ao sector das instalacións eléctricas.

2.- Posta en práctica de técnicas activas de procura de emprego:

- a) Realización de probas de orientación e dinámicas sobre as propias aspiracións, competencias e capacidades.
- b) Manexo de fontes de información, incluídos os recursos da internet para a procura de emprego.
- c) Preparación e realización de cartas de presentación e currículos.
- d) Familiarización coas probas de selección de persoal, en particular a entrevista de traballo.
- e) Identificación de ofertas de emprego público ás que se pode acceder en función da titulación, e resposta á súa convocatoria.

3.- Formación de equipos na aula para a realización de actividades mediante o emprego de técnicas de traballo en equipo.

4.- Estudo das condicións de traballo do sector a través do manexo da normativa laboral, dos contratos máis comunmente utilizados e do convenio colectivo de aplicación no sector.

5.- Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.

6.- Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo, así como a colaboración na definición dun plan de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica.

Os centros educativos desenvolverán o currículo das ensinanzas profesionais tendo en conta as necesidades de desenvolvemento económico, social e de recursos humanos do seu contorno socio-productivo, e as características do alumnado ao que se dirixa.

O IES Fernando Blanco está situado na vila de Cee (A Coruña), capital do concello do mesmo nome, na bisbarra de Fisterra. A súa área de influencia abarca os concellos de Corcubión, Fisterra, Dumbría, Muxía, Carnota e Mazaricos, contando na actualidade con alumnos procedentes destes municipios e doutros como Vimianzo. O concello de Cee é o centro industrial, comercial, educativo e sanitario, podendo considerarse a capital da bisbarra.

No que se refire ao contorno produtivo do centro educativo, temos que dicir que o sector terciario ocupa o 33,2% da poboación, seguido do primario cun 32,5%, o secundario cun 15,9% e a construción cun 18,4%. No sector industrial destaca a empresa Ferroatlántica, adicada á produción metalúrxica e eléctrica, que ten dúas plantas industriais (en Brens e Dumbría) e varias centrais hidroeléctricas; tamén hai pequenas empresas relacionadas coas instalacións eléctricas e de mantemento, talleres de carpintería metálica e madeira; así mesmo, hai varias explotacións derivadas do sector primario, como as industrias madeireiras, piscifactorías, viveiros etc. Contribúe tamén ao dinamismo da vila o feito de albergar o Hospital Comarcal "Virxe da Xunqueira". Do mesmo xeito, ten grande importancia o sector servizos e o comercio. Por último hai que destacar que o máis chamativo da estrutura empresarial é o feito de que está maioritariamente formada por microempresas (o 96% son industrias con menos de 10 traballadores e o 84% teñen entre un e dous, polo que en moitos casos trátase simplemente de autónomos), feito que nos leva a



considerar que na bisbarra é fundamental o autoemprego.

Na elaboración desta programación tivéronse en conta as características do contorno produtivo do centro educativo, así como, as ocupacións e postos de traballo máis salientables aos que poderían acceder os alumnos ao rematar os estudos e acadar o correspondente título, todo elo visto dende a perspectiva do contexto de crise económica que estamos a sufrir. Deste xeito, no módulo de Formación e Orientación Laboral (FOL) incluíuse formación relacionada coa seguridade e a saúde laboral, e avaliación e a prevención de riscos profesionais, que vai contribuir de xeito específico a favorecer procesos de inserción laboral para o exercicio da profesión no sector correspondente, tanto por conta propia como por conta allea; no que se refire ao módulos de Empresa e iniciativa emprendedora (EIE) tamén se incluiu formación no coñecemento do sector produtivo ao que corresponden os perfis profesionais dos títulos e que vai dirixida a fomentar a iniciativa emprendedora e a innovación na empresa.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

| U.D. | Título   | Descrición   | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|--|--|--------------------|----------|
| 1    | SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL                                   | Relación entre saúde e traballo e análise de conceptos básicos.  | 10                 | 6        |
| 2    | AVALIACIÓN DE RISCOS   | Identificación de riscos laborais e avaliación dos mesmos.   | 12                 | 8        |
| 3    | MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN                           | Análise das medidas de prevención e protección fronte ós riscos detectados.                                    | 10                 | 7        |
| 4    | A PLANIFICACIÓN DA PREVENCIÓN                                | Análise das modalidades de organización da prevención e estudo do plan de prevención.                          | 10                 | 6        |
| 5    | PRIMEIROS AUXILIOS NA EMPRESA                                | Exáme das actuacións en situación de accidente.  | 12                 | 8        |
| 6    | O DEREITO DO TRABALLO  | Análise da relación laboral e os dereitos e deberes da mesma.  | 6                  | 6        |
| 7    | A CONTRATACIÓN NO SECTOR                                     | Identificación dos requisitos para contratar así como as modalidades de contratación máis habituais no sector. | 10                 | 10       |
| 8    | RECIBO DE SALARIOS E TEMPO DE TRABALLO                       | Análise da estrutura da nómina e recoñecemento da xornada de traballo e permisos retribuídos.                  | 10                 | 8        |
| 9    | MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO | Identificación das modificacións, suspensións e extincións do contrato de traballo.                            | 10                 | 10       |
| 10   | ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN                                    | Recoñecemento das diversas modalidades de representación e métodos de resolución de conflitos.                 | 6                  | 4        |
| 11   | SEGURIDADE SOCIAL E PRESTACIÓNS                              | Análise de diferentes prestacións da seguridade social.  | 10                 | 8        |
| 12   | EQUIPOS DE TRABALLO  | Manexo de técnicas de resolución de conflitos.   | 6                  | 4        |
| 13   | BUSCANDO UNHA PROFESIÓN                                      | Procura activa de emprego.   | 8                  | 7        |
| 14   | PROCESOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL                             | Elaboración do curriculum e práctica da entrevista.  | 8                  | 8        |

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD               | Duración |
|-----|----------------------------|----------|
| 1   | SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL | 10       |

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral. | SI       |

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.  |
| CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.   |
| CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.  |
| CA1.4 Comprenderónse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.  |
| CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores. |
| CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector das instalacións eléctricas e automáticas.   |
| CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.   |

##### 4.1.e) Contidos

| Contidos   |
|--|
| Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.                            |
| Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.   |
| Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.     |
| Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral. |
| Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.                               |
| Comprensión dos principios da acción preventiva (CA1.2)  |

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD         | Duración |
|-----|----------------------|----------|
| 2   | AVALIACIÓN DE RISCOS | 12       |

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector das instalacións eléctricas e automáticas. | SI       |

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.                                  |
| CA2.2 Clasifícaronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.   |
| CA2.3 Clasifícaronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en instalacións eléctricas e automáticas. |
| CA2.4 Identifícaronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.   |
| CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.  |
| <a href="#">CA2.6 Tomouse conciencia da importancia da realización da avaliación de riscos para a seguridade e saúde no entorno de traballo</a>   |

**4.2.e) Contidos**

| Contidos  |
|---|
| Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.  |
| Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.                                |
| Riscos específicos no sector das instalacións eléctricas e automáticas en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados. |
| Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector das instalacións eléctricas e automáticas.  |

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                       | Duración |
|-----|------------------------------------|----------|
| 3   | MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN | 10       |

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas. | NO       |

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse. |
| CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.  |
| CA4.3 Selecciónáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.  |
| <a href="#">CA4.7 Adoptouse unha conduta acorde cos principios da acción preventiva adoptando medidas preventivas antes que medidas de protección.</a>   |

**4.3.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| Medidas de prevención e protección individual e colectiva. |
| Medidas de prevención                                      |
| Medidas de protección colectiva                            |
| Sinalización de seguridade                                 |
| Equipos de protección individual                           |

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                  | Duración |
|-----|-------------------------------|----------|
| 4   | A PLANIFICACIÓN DA PREVENCIÓN | 10       |

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados. | SI       |

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.   |
| CA3.2 Clasifícaronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.             |
| CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.   |
| CA3.4 Identifícaronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.  |
| CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.                        |
| CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.                         |
| CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas. |
| CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.   |

**4.4.e) Contidos**

| Contidos  |
|---|
| Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.                                       |
| Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais. |
| Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.                              |
| Planificación da prevención na empresa.   |
| Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.   |
| Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.   |
| Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.                        |



**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                  | Duración |
|-----|-------------------------------|----------|
| 5   | PRIMEIROS AUXILIOS NA EMPRESA | 12       |

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas. | NO       |

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.   |
| CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.  |
| CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias. |
| CA4.6.1 Descríbense as técnicas básicas de primeiros auxilios ante danos de diversos tipos.  |
| CA4.6.2 Aplicouse o protocolo da RCP   |
| CA4.6.3 Examinouse o contido do botiquín   |

**4.5.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.                |
| Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.                           |
| Técnicas de primeiros auxilios   |
| Protocolo da RCP   |
| O botiquín de empresa  |
| Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios. |

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD          | Duración |
|-----|-----------------------|----------|
| 6   | O DEREITO DO TRABALLO | 6        |

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo. | NO       |

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo. |
| CA2.1.1 Identifícase o ámbito de aplicación do dereito do traballo.   |
| CA2.1.2 Delimitáronse as fontes do dereito do traballo.   |
| CA2.1.3 Interpretáronse os principios de aplicación das normas laborais.                                    |
| CA2.2 Distingúronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.                         |
| CA2.2.1 Distingúronse os organismos xudiciais laborais.   |
| CA2.2.2 Consultouse sobre os órganos especializados da Administración Laboral.                              |
| CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.                            |

**4.6.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| Dereito do traballo.   |
| Fontes de principios de aplicación.  |
| Relacións excluídas de laboralidade.   |
| Relacións laborais especiais.  |
| Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais. |
| Análise da relación laboral individual.  |
| Dereitos e deberes derivados da relación laboral.  |

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD             | Duración |
|-----|--------------------------|----------|
| 7   | A CONTRATACIÓN NO SECTOR | 10       |

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo. | NO       |

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.  |
| CA2.3.1 Analizáronse os requisitos necesarios para contratar.   |
| CA2.3.2 Cumplíntouse un contrato de traballo.   |
| CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.  |
| CA2.4.1 Analizáronse as principais modalidades de contratación.   |
| CA2.4.2 Identifícanse as medidas de fomento da contratación indefinida no colectivo de xóvenes.   |
| CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en instalacións eléctricas e automáticas. |
| CA2.6.1 Analizáronse as modalidades de contratación recollidas no convenio colectivo do sector.   |
| CA2.13 Analizáronse os distintos períodos de proba así como as características do mesmo.  |
| CA2.14 Interesouse por coñecer e respectar as disposicións legais polas que se rexen os contratos laborais.   |

**4.7.e) Contidos**

| Contidos  |
|---|
| <p>Periodo de proba</p> <p>Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.</p> <p>Análise da contratación no sector.</p> <p>Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.</p> <p>Modalidades de contratación</p> <p>Incentivos á contratación</p> |

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                          | Duración |
|-----|---------------------------------------|----------|
| 8   | RECIBO DE SALARIOS E TEMPO DE TRABAJO | 10       |

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo. | NO       |

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en instalacións eléctricas e automáticas. |
| CA2.6.2 Analizouse o tempo de traballo no convenio colectivo do sector metalúrxico.   |
| CA2.6.3 Distinguíronse os salarios establecidos no convenio colectivo do sector metalúrxico.  |
| CA2.6.4 Recoñecéronse as diferentes clasificacións profesionais así como o dereito á promoción  |
| CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.  |
| CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.   |
| CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.   |

**4.8.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| Novos contornos de organización do traballo.<br><br>Recoñecemento do trato non discriminatorio na relación laboral   |
| Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.<br><br>Xornada, descansos e permisos recollidos no convenio colectivo do sector.<br><br>O salario do convenio colectivo so sector. |
| Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.<br><br>O tempo de traballo.<br><br>O recibo de salarios.<br><br>Clasificación e promoción profesional.                                    |

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD   | Duración |
|-----|--|----------|
| 9   | MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO | 10       |

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo. | NO       |

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en instalacións eléctricas e automáticas. |
| CA2.6.5 Determináronse as especialidades establecidas no convenio en relación á modificación, suspensión e extinción do contrato.   |
| CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.   |
| CA2.9.1 Recoñécense os supostos de modificación do contrato de traballo así como os dereitos do traballador en cada caso.   |
| CA2.9.2 Identifícanse as modalidades de suspensión do contrato de traballo cos seus efectos na relación laboral.  |
| CA2.9.3 Distingúense as diferentes formas de extinción da relación laboral.   |
| CA2.9.4 Calculouse un finiquito sinxelo.  |

**4.9.e) Contidos**

| Contidos  |
|---|
| Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas. |
| Particularidades da modificación, suspensión e extinción do contrato recollidas no convenio colectivo do sector.                  |
| Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.   |
| Modificación do contrato de traballo.   |
| Suspensión da relación laboral.   |
| Extinción da relación laboral.  |
| Finiquito ou liquidación de haberes.  |

**4.10.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD              | Duración |
|-----|---------------------------|----------|
| 10  | ORGANOS DE REPRESENTACIÓN | 6        |

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo. | NO       |

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.  |
| CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.     |
| CA2.11.1 Recoñecéronse os requisitos para a convocatoria dunha folga legal.                |
| CA2.11.2 Describíronse os procedementos de solución de conflitos extraxudiciais.           |
| CA2.15 Valoráronse os procedementos extraxudiciais como medida para solucionar o conflito. |

**4.10.e) Contidos**

| Contidos  |
|---|
| 0Representación das persoas traballadoras na empresa.<br><br>Conflitos colectivos.<br><br>Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais. |

**4.11.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                    | Duración |
|-----|---------------------------------|----------|
| 11  | SEGURIDADE SOCIAL E PRESTACIÓNS | 10       |

**4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA3 - Determina a acción protectora do sistema de seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións. | SI       |

**4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.   |
| CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da seguridade social.  |
| CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.  |
| CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.                      |
| CA3.4.1 Identificáronse os requisitos para percibir a prestación de incapacidade temporal.  |
| CA3.4.2 Calculouse un suposto sinxelo de incapacidade temporal.   |
| CA3.4.3 Diferenciáronse os diferentes graos de incapacidade permanente.   |
| CA3.4.4 Analizáronse as prestacións por maternidade e paternidade.  |
| CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico. |
| CA3.5.1 Identificáronse as posibles situacións legais de desemprego.  |
| CA3.5.2 Realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego básica.  |

**4.11.e) Contidos**

| Contidos  |
|---|
| A seguridade social como pilar do estado social.  |
| Estrutura do sistema de Seguridade Social.  |
| Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social. |
| Protección por desemprego.  |
| Prestacións contributivas da seguridade social.   |
| Incapacidade temporal   |
| Graos da incapacidade permanente.   |
| Maternidade e paternidade.  |

**4.12.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD       | Duración |
|-----|--------------------|----------|
| 12  | EQUIPOS DE TRABAJO | 6        |

**4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización. | SI       |

**4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA1.1 Identifícaronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en instalacións eléctricas e automáticas e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual. |
| CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.  |
| CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.  |
| CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.  |
| CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.  |
| CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.   |
| CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.                                       |

**4.12.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.   |
| Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización. |
| Equipos no sector das instalacións eléctricas e automáticas segundo as funcións que desempeñen.    |
| Dinámicas de grupo.  |
| Equipos de traballo eficaces e eficientes.   |
| Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.         |
| Conflito: características, tipos, causas e etapas.   |
| Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.  |



**4.13.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD            | Duración |
|-----|-------------------------|----------|
| 13  | BUSCANDO UNHA PROFESIÓN | 8        |

**4.13.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida. | NO       |

**4.13.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.  |
| CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.  |
| CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.  |
| CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.   |
| CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.   |
| CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral. |
| CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.   |
| CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.  |
| CA4.8.1 Consultáronse varias fontes de emprego localizando ofertas axeitadas á titulación en técnico en instalacións eléctricas.   |
| CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.  |

**4.13.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.  |
| Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas. |
| Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.  |
| Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.  |
| Definición e análise do sector profesional do título de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.  |
| Proceso de toma de decisións.  |
| Proceso de procura de emprego no sector de actividade.   |

**4.14.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                     | Duración |
|-----|----------------------------------|----------|
| 14  | PROCESOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL | 8        |

**4.14.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida. | NO       |

**4.14.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.  |
| CA4.8.2 Realizouse con orden e pulcritude o curriculum vitae e a carta de presentación |
| CA4.8.3 Afrontouse a entrevista de selección.  |
| CA4.8.4 Resolvéronse test psicotécnicos.   |
| CA4.8.5 Participouse en dinámicas de grupo.  |

**4.14.e) Contidos**

| Contidos                                       |
|--|
| Técnicas e instrumentos de procura de emprego. |
| O curriculum vitae e a carta de presentación.  |
| As probas de selección: Dinámicas de grupos.   |
| Probas psicotécnicas.                          |
| A entrevista de selección.                     |

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### ÍNIMOS EXIXIBLES PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA:

Os mínimos para acadar a avaliación positiva no presente módulo FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades a desenvolver polo que é necesario acadar un 50% dos criterios de avaliación de cada unidade de traballo sexan mínimos esixibles ou non.

Asemade dado que se trata de ensinanzas presenciais o alumno/a deberá asistir regularmente as actividades programadas, considerándose perda de avaliación continua cando o número de faltas inxustificadas supere o 10% da duración do módulo. Ademais, tendo en conta o establecido nas Normas de organización e funcionamento do centro, para os alumnos/as que presenten un contrato laboral e que demostren a incompatibilidade horaria entre a asistencia a clase e ao seu posto de traballo gozarán dun 5% a maiores de faltas que serán consideradas como xustificadas. Hai que recordar que estamos nunha formación presencial, polo que a non asistencia a clase de forma regular e sen respectar 10 % máximo establecido é motivo de perda da avaliación continua.

### CRITERIOS DE CALIFICACIÓN:

Ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe. Este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e de traballo en grupo segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades de traballo.

A cualificación será unha nota numérica. A puntuación mínima para superar as avaliacións será de 5 puntos.

A nota de cada avaliación obterase da seguinte maneira:

1.- Realización probas escritas (exámes) e/ou orais que, en función da materia a avaliar poderán ser tipo test, preguntas breves, casos prácticos..., de todos aqueles aspectos conceptuais recollidos nos criterios de avaliación do módulo.

A nota lograda neste apartado suporá un 70% da cualificación final do módulo.

2.- As actividades na clase ou para facer na casa, traballos, casos prácticos e exercicios individuais e/ou habilidades e destrezas, e todos aqueles aspectos procedementais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. As mesmas suporán un 30% da cualificación final do módulo nesa avaliación.

A nota final da avaliación obterase aplicando a nota de cada proba polo seu peso no conxunto do módulo.

Se o alumno ou alumna no alcanza a puntuación de 5 puntos deberá facer a recuperación de toda a avaliación.

### AVALIACIÓN FINAL DO MÓDULO

Requisitos.- Ter superadas as tres avaliacións cunha nota mínima de 5 puntos en cada avaliación, tendo en conta os criterios e aspectos recollidos anteriormente, xa que, non se pode aprobar na final se non se superaron os obxectivos dalgunha das anteriores.

A nota final do módulo, na avaliación final, será a nota de cada proba polo seu peso no conxunto do módulo, sendo un número enteiro e dar como mínimo 5 puntos.

- ¿ Clasificación dos factores de risco.
- ¿ Danos profesionais.
- ¿ A avaliación de riscos.
- ¿ A organización da prevención.
- ¿ A representación dos traballadores en materia preventiva.
- ¿ Responsabilidades e funcións na empresa relacionadas ca prevención de riscos laborais.
- ¿ O plan de prevención.
- ¿ O plan de emerxencia e evacuación.
- ¿ Medidas de prevención e protección.
- ¿ A sinalización de seguridade.
- ¿ Protocolos de actuación ante unha situación de emerxencia.
- ¿ Técnicas básicas de primeiros auxilios.
- ¿ O protocolo da RCP.
- ¿ Ámbito de aplicación, fontes e principios de aplicación do dereito do traballo.
- ¿ Requisitos da contratación.
- ¿ Modalidades de contratación.
- ¿ Tempo de traballo e salarios no convenio colectivo do sector.
- ¿ Recibo de salarios.
- ¿ Modificación, suspensión e extinción da relación laboral.
- ¿ Órganos de representación dos traballadores na empresa.
- ¿ Dereito de folga.
- ¿ Funcionamento e estrutura do sistema de Seguridade Social.
- ¿ A incapacidade temporal.
- ¿ O desemprego
- ¿ Roles nos equipos de traballo.
- ¿ Técnicas de comunicación.
- ¿ A resolución de conflitos.
- ¿ A importancia da formación no acceso ó emprego.
- ¿ Deseño de itinerarios formativos.
- ¿ Fontes de emprego.
- ¿ O curriculum vitae e a carta de presentación.
- ¿ A entrevista de selección.

Asemade dado que se trata de ensinanzas presenciais o alumno/a deberá asistir regularmente as actividades programadas, considerándose perda de avaliación continua cando o número de faltas inxustificadas supere o 10% da duración do módulo. Ademais, tendo en conta o establecido nas Normas de organización e funcionamento do centro, para os alumnos/as que presenten un contrato laboral e que demostren a incompatibilidade horaria entre a asistencia a clase e ao seu posto de traballo gozarán dun 5% a maiores de faltas que serán consideradas como xustificadas. Hai que recordar que estamos nunha formación presencial, polo que a non asistencia a clase de forma regular e sen respectar o % máximo establecido é motivo de perda da avaliación continua.

#### CRITERIOS DE CALIFICACIÓN:

Ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe. Este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e de traballo en grupo

segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades de traballo.

A cualificación será unha nota numérica. A puntuación mínima para superar as avaliacións será de 5 puntos. A nota de cada avaliación obterase da media ponderada dos seguintes aspectos:

1.- Realización probas escritas (exámes) e/ou orais que, en función da materia a avaliar poderán ser tipo test, preguntas breves, casos prácticos..., de todos aqueles aspectos conceptuais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. No caso de ter varias probas nunha mesma avaliación será a media aritmética das notas obtidas a que nos dará a cualificación final neste apartado. Non se fará a media se a nota nalgunha proba das anteriormente citadas é inferior a 3 puntos. Nese caso o alumno ou alumna deberá facer a recuperación de toda a avaliación. A nota lograda neste apartado suporá un 60% da cualificación final do módulo nesa avaliación.

2.- As actividades na clase ou para facer na casa, traballos, casos prácticos e exercicios individuais e/ou habilidades e destrezas, e todos aqueles aspectos procedementais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. As mesmas suporán un 20% da cualificación final do módulo nesa avaliación.

3.- A presentación e o interese/traballo en equipo (cualificacións cualitativas e que formarán parte da avaliación de actitudes). Valorarase a puntualidade, á asistencia regular ás clases, unha actitude de respecto tanto de cara ao profesorado coma aos compañeiros/as, receptividade, así como a iniciativa, o interese, a presentación axeitada dos distintos materiais solicitados, a participación e o traballo en equipo dos alumnos/as e todos aqueles aspectos actitudinais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Suporán un 20% da cualificación final do módulo nesa avaliación.

#### AVALIACIÓN FINAL DO MÓDULO

Requisitos.- Ter superadas as tres avaliacións cunha nota mínima de 5 puntos en cada avaliación, tendo en conta os criterios e aspectos recollidos anteriormente, xa que, ao ser avaliación continua, non se pode aprobar na final se non se superaron os obxectivos dalgunha das anteriores.

A nota final do módulo na avaliación final obtense da media das tres avaliacións anteriores. Ten que ser un número enteiro e dar como mínimo 5.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

#### RECUPERACIÓN ORDINARIA:

Unha avaliación suspensa supón que o/a alumno/a terá que facer unha proba escrita (exáme) no mes de Xuño, proba na que deben acadar a nota numérica dun 5 como mínimo.

Estas probas recollerán o sinalado nos criterios de avaliación (mínimos ou non) e conterán preguntas de desenvolvemento, de tipo test (respostas alternativas), e supostos prácticos, de xeito que o alumno/a acredite ter acadado os obxectivos xerais e específicos do módulo de acordo co establecido nesta programación.

AVALIACIÓN DE ALUMNOS PENDENTES (alumnos de ciclos formativos matriculados en 2º curso e que promocionaron con módulos pendentes de 1º):

Os alumnos de 2º curso que teñan pendente o módulo de FOL de 1º deberán levar a cabo as actividades de recuperación previamente

establecidas e serán avaliados no mes de marzo mediante una proba escrita. En caso de non acadar unha avaliación positiva cunha nota numérica dun 5 como mínimo, os alumnos poderán recuperar o módulo pendente durante o período ordinario de realización da FCT (marzo a xuño) e serán avaliados na avaliación final de módulos de 2º curso no mes de xuño ca realización dunha proba escrita. Para superar o módulo deben acadar una nota numérica dun 5 como mínimo.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

A perda do dereito á avaliación continua prodúcese ao ter un 10% da duración do módulo de faltas non xustificadas. Ademais, tendo en conta o establecido nas Normas de organización e funcionamento do centro, para os alumnos/as que presenten un contrato laboral e que demostren a incompatibilidade horaria entre a asistencia a clase e ao seu posto de traballo gozan dun 5% a maiores.

O alumno/a perderá o dereito a presentarse as probas parciais obxectivas de cada unidade de traballo e mesmo perderá as cualificacións parciais das unidades didácticas ás que se houberse presentado.

O alumno ou alumna que perdesse o dereito a avaliación continua, terá que realizar unha proba extraordinaria ao rematar o módulo, sempre antes da avaliación final do mes de xuño. Esta proba recollerá o sinalado nos criterios de avaliación mínimos, conterá preguntas de desenvolvemento, de tipo test (respostas alternativas), e supostos prácticos, de xeito que o alumno/a acredite ter acadado os obxectivos xerais e específicos do módulo de acordo co establecido nesta programación. Como mínimo a nota numérica ten que ser un 5.

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

O seguimento da programación será un dos puntos da orde do día a tratar polos membros do departamento en tódalas reunións que se fagan durante o curso académico. Este seguimento da programación levarase a cabo semanalmente e versará sobre o cumprimento da mesma.

No departamento de FOL consideramos que un dos xeitos de avaliar a propia programación docente é comprobar mensualmente o grao de cumprimento dos obxectivos programados para cada módulo.

O feito de non acadar o cumprimento dos devanditos obxectivos daría lugar a revisar a metodoloxía utilizada, a secuenciación e temporización dos contidos, a adecuación dos criterios de avaliación e, no seu caso, das medidas adoptadas para a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

En canto a avaliación da propia práctica docente, levarase a cabo a través dun cuestionario de avaliación, que incluíra os seguintes apartados:

- 1.- Motivación inicial dos alumnos.
- 2.- Motivación ao longo de todo o proceso.
- 3.- Presentación dos contidos.
- 4.- Actividades na aula.
- 5.- Recursos e organización da aula.
- 6.- Instrucións, aclaracións e orientacións ás tarefas dos alumnos.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Para este módulo realizarase un cuestionario de avaliación inicial sobre coñecementos previos relacionados co módulo así como cuestións de cálculo xeral para verificar o dominio matemático.

Na sesión de avaliación inicial todos os profesores do ciclo poremos en común os distintos datos da avaliación inicial realizada en cada módulo para detectar a presenza de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo ou localizar a necesidade dunha flexibilización modular.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para poñer en marcha as medidas de atención á diversidade é necesario començar por coñecer ao alumnado (estudos previos realizados, expediente académico, coñecementos previos que pode ter sobre o contido do módulo, se repite ou non, ónde vive, con quen, en que traballan os seus pais/titores, se ten experiencia laboral previa, se está a traballar ou non. Para elo consideramos moi importante facer unha pequena enquisa ou cuestionario previo aos alumnos durante as primeiras sesión de clase, así como, dende o primeiro día facer un seguimento por observación do grupo e rexistrar no diario do profesor todos os datos que consideremos importantes (comportamento, traballo, aptitude, atención, actitude, compostura, sociabilidade, participación. Deste xeito, os datos acadados levaranse ás reunións que se manteñan co resto do equipo docente correspondente e co titor/a do grupo, para facer unha avaliación inicial onde se poñan en común todas as opinións e informacións acadadas. É por elo que do resultado desa avaliación inicial e coa posta en práctica da programación didáctica podémonos atopar cunha gran diversidade entre os alumnos/as no proceso de aprendizaxe que se manifesta en situacións como: existencia de alumnos con gran capacidade para aprender fronte a outros aos que lles custa assimilar os novos coñecementos e que non responden globalmente aos obxectivos programados; diferentes niveis de motivación no proceso de aprendizaxe (alumnos que teñen capacidade para aprender pero non queren, fronte a outros que teñen pouca capacidade pero se mostran interesados; alumnos estranxeiros con dificultade para entende-lo idioma, etc.)

Ante esta situación, podemos tomar, entre outras, as seguintes medidas para atender aos alumnos que presenten N.E de apoio educativo:

Empregar metodoloxías diversas nas explicacións dos temas e actividades (distintos estilos de aprendizaxe: sintético, analítico, memoria visual/auditiva....)

Propoñer actividades de reforzo (para os alumnos que non alcancen os mínimos esixibles), así como actividades de ampliación (para os alumnos con maior nivel de coñecementos).

Potenciar a atención individualizada.

Favorecer en todas as actividades tanto a autonomía como o traballo en grupo, (así o alumno verá que pode resolver por si mesmo os exercicios ou axudar ao grupo para resolvelo).

Utilizar materiais didácticos non homoxéneos (dos que se deriven actividades variadas e con diferentes graos de complexidade).

Traballar cos alumnos mediante agrupamentos flexibles e con ritmos distintos segundo as necesidades atopadas.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso módulo. Podemos destacar:

## EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

### Obxectivos

1. Recoñecer a propia identidade e tomar conciencia das súas capacidades persoais como medio para alcanzar unha progresiva e sólida autoafirmación da personalidade.
2. Formarse unha imaxe axustada de si mesmo que lle permita asumir a súa propia vida.
3. Utilizar o diálogo nas negociacións de convenios colectivos e na resolución de posibles conflitos laborais.
4. Analizar os valores que rexen o funcionamento dunha empresa e adoptar xuízos e actitudes persoais respecto deles.
5. Participar en actividades de grupo dentro da empresa, con actitudes solidarias e tolerantes, recoñecendo e valorando a diferenza entre as persoas.

### Inserción e aplicación

1. Na identificación dos dereitos e deberes dos empresarios e traballadores.
2. Na interpretación dos convenios colectivos.
3. Na análise das capacidades laborais e expectativas profesionais.
4. Na participación no proceso de selección de traballadores.
5. Na aplicación de medidas de prevención e actuación en caso de accidente.

### Enfoque metodolóxico

1. Resolución de dilemas morais ou situacións problemáticas para reflexionar, valorar, preferir, optar e comunicar.
2. Mediante a técnica do role-playing, simular accidentes de traballo.

### Proposta de avaliación

1. Valorar a capacidade de resolver os dilemas morais propostos.
2. Valorar a actuación na resolución de dilemas morais e no role-playing.

## EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

### Obxectivos

1. Coñecer e adoptar modos de vida sans dentro do ámbito laboral, comprendendo e asumindo as consecuencias que se derivan deles.
2. Reflexionar sobre as razóns que conducen a prácticas sociais e ambientais non saudables dentro do ámbito laboral, e rexeitalas optando por valores que favorecen o benestar.

### Inserción e aplicación

1. Na análise dos riscos no ámbito laboral.
2. Na aplicación de medidas de prevención e protección.
3. Na aplicación de medidas sanitarias en caso de accidente.

### Enfoque metodolóxico

1. Análise dos posibles riscos que para a saúde ten o traballo, segundo sexan as condicións de aplicación das medidas de seguridade e hixiene.
2. Estudo de casos de aplicación de medidas preventivas e equipos de protección.
3. Mediante a técnica do role-playing simular accidentes laborais.

### Proposta de avaliación

1. Valorar a actuación no estudo de casos de aplicación de medidas preventivas e na simulación de accidentes laborais.

## EDUCACIÓN AMBIENTAL

### Obxectivos

1. Interesarse por coñecer e comprender realidades ambientais, do propio posto de traballo e da empresa en xeral, comprendendo como inciden nas propias actitudes e comportamentos e no equilibrio do ámbito.
2. Sentir respecto e implicación na mellora e conservación do medio dentro do ámbito laboral.
3. Coñecer e reflexionar sobre os problemas ambientais de ampla resonancia no mundo actual.



#### Inserción e aplicación

1 Na análise dos riscos físicos, químicos, ambientais e biolóxicos no ámbito laboral.

#### Enfoque metodolóxico

Actividades de comprensión dos riscos, partindo de casos reais e utilizando a prensa ou textos ilustrativos.

#### Proposta de avaliación

1. Describir e analizar os elementos constitutivos das mensaxes dos medios de comunicación.
2. Analizar os posibles cambios de actitude fronte á situación ambiental a través de diarios de clase.
3. Captar o sentido das mensaxes mediante a comprensión das ideas expresadas e das relacións que se establecen entre elas.

#### EDUCACIÓN PARA A PAZ

##### Obxectivos

1. Valorar a autoestima e a seguridade persoal.
2. Ser capaz de superar inhibicións e prexuízos, tanto nas actuacións individuais coma nas colectivas, canalizando a propia agresividade cara a actitudes que promoven o ben común.

#### Inserción e aplicación

1. Na análise das capacidades laborais e expectativas persoais.
2. Na participación no proceso de selección.

#### Enfoque metodolóxico

1. Poñer o alumnado fronte a dilemas morais ou situacións problemáticas para que teña que reflexionar, valorar, preferir, optar e comunicar.

#### Proposta de avaliación

1. Utilizar o diálogo para superar os conflitos e mostrar na conduta habitual respecto ás persoas e aos grupos.
2. Estudio de casos e resolución dos dilemas morais propostos.
3. Valoración das posibles modificacións na súa autoestima a través de diarios de clase.

#### EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE SEXOS

##### Obxectivos

1. Participar nas actividades de grupo de forma responsable, solidaria e construtiva, apreciando a diferenza como riqueza colectiva.
2. Mostrar esforzo por modificar as actitudes violentas, evitando agresións verbais, menosprezos ou comentarios despectivos.
3. Coñecer os mecanismos e valores do funcionamento social.
4. Distinguir elementos discriminatorios no ámbito e introducirse na crítica obxectiva da utilización sexista da linguaxe.

#### Inserción e aplicación

1. En todas as actividades grupales que se realicen na aula, especialmente a tratar contidos de contratación laboral, inserción e promoción profesional.

#### Enfoque metodolóxico

1. Utilizar a técnica de traballo cooperativo role-playing, aproveitando calquera situación discriminatoria que se puidese dar ao traballar os contidos antes mencionados.
2. Estudio de casos, debates, coloquios, comentarios de texto, noticias...

#### Proposta de avaliación

1. Valoración da evolución das actitudes positivas nos posibles casos de discriminación que se detecten ou analicen.

#### EDUCACIÓN PARA O CONSUMIDOR

Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)

#### EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA

Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.

#### EDUCACIÓN EN SOLIDARIDADE

A través de canles de axuda aos máis necesitados.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Como actividades extraescolares temos previstas as seguintes, salvo imprevistos ou imposibilidade:

-Visita a Ferroatlántica (central de Dumbría). Empresa punteira no sector metalúrxico onde poderán visualizar como realizan o traballo observando as medidas de seguridade así como lles explicarán os principais traballos realizados nesta empresa.

-Visita a Estación de Bazarra (Cee). Gasolineira que adoptou unha política medioambiental e de compromiso co entorno baseada na redución do consumo eléctrico, instalación de placas solares e reutilización de augas.

### 10. Outros apartados

#### 10.1) PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN (TIC)

Coa finalidade de que as TIC se incorporen como un recurso máis nos procesos de ensino e aprendizaxe, o noso Departamento participará e colaborará, na medida do posible na posta en práctica do PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN recollido no Proxecto Educativo do Centro.

O obxectivo perseguido e que o alumnado acade unha competencia dixital, que lle facilite habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Deste xeito, o alumno adquire diferentes habilidades que van dende o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada.

Para acadar estes obxectivos, o noso departamento propón a utilización, consulta e manexo de forma habitual da información recollida, entre outras, nas seguintes páxinas web:

[www.mec.es/educa/formación-profesional/index.html](http://www.mec.es/educa/formación-profesional/index.html)

[www.mtas.es/sec\\_trabajo/formacion.htm](http://www.mtas.es/sec_trabajo/formacion.htm)

[www.cepyme.es](http://www.cepyme.es)

[www.infoempleo.es](http://www.infoempleo.es)

[www.sistemanacionaldeempleo.es](http://www.sistemanacionaldeempleo.es)

[www.inem.es/ciudadano/empleo/contratos/tipologia.html](http://www.inem.es/ciudadano/empleo/contratos/tipologia.html)

[www.seg-social.es](http://www.seg-social.es)

[www.aeat.es](http://www.aeat.es)

[www.boe.es](http://www.boe.es)

[www.ccoo.es](http://www.ccoo.es)

[www.ugt.es](http://www.ugt.es)

[www.mtas.es](http://www.mtas.es)

[www.prevenciondocente.com](http://www.prevenciondocente.com)

[www.emprendedores.wanadoo.es](http://www.emprendedores.wanadoo.es)

[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

[www.edu.xunta.es/fp/orientacion](http://www.edu.xunta.es/fp/orientacion) (Webquest familias profesionais)

## 10.2) MATERIAIS E RECURSOS DIDACTICOS

Libros de consulta: FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL (Ed. Macmillan), que complementarase, se fora necesario, cos apuntamentos facilitados polo profesor, para cada unidade didáctica.

Recortes de prensa, diaria, semanal, local, nacional, etc

Bibliografía de aula: segundo o tema a tratar se recomendará o manexo de textos concretos (Estatuto dos traballadores, Lei de Prevención de Riscos Laborais, Convenio colectivo etc)

Vídeos e DVD's (segundo o recollido no inventario do Departamento)

Lexislación laboral vixente, Boletines Oficiais

Equipos Informáticos e acceso a Internet